

**Asociación de Nais e Pais de Alumnos
San Martiño do IES Johan Carballeira**

Rexistro nº 1988-1809-1 / CIF G36178168

Rúa Staffan Mörling, 4 - 36930, Bueu

anpa.johan.carballeira@gmail.com

698 14 75 57



ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE PECHE DO CURSO 2024-2025

O martes 17/06/2025, ás 20:15 horas, reuniuse en primeira convocatoria no salón de actos do IES Johan Carballeira a asemblea da ANPA. Espérase á segunda convocatoria e, ás 20:30 h, coa asistencia de 15 socios/as cun quórum do 20%, iníciase a asemblea.

Trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1. Presentación da nova ANPA:

Directiva entrante:

- Presidenta: Dina Recamán Gago
- Vicepresidenta: Ana Neves Gómez
- Secretario: José Luís Fazanes Novas
- Tesoreira: Raquel Cerviño Estévez
- Vogais:
 - Almudena Pereira Rodríguez
 - Vanesa Martínez Portela
 - Rosa Piñeiro Fraga
 - Natividad Durán Santaclara

2. Lectura e aprobación se procede da acta da asemblea anterior.

Apróbase a acta da asemblea do 3/10/2024, dispoñible no espazo ANPA da web do centro.

3. Informe económico das xestións da ANPA para o curso 2024/2025

- Infórmase do saldo inicial: 16 909,70 € e do estado das contas.
- Hai ingresos por cotas dos socios.
- Dáse conta dos gastos derivados das realización da xincana de Nadal xunto coa doazón ao club de balonmán de 300 € por parte da ANPA.

- Dáse conta dos gastos derivados da realización da carreira/andaina solidaria de pascua e explícase que, ademais da achega de 1,5 € que aportaron os participantes, a ANPA fixo una aportación a modo de doazón para a asociación ACCEM de 200€.
- Expóñense os gastos dos cursos ofrecidos a través de ANPA e dos gastos derivados das becas de inglés.
- Fálase tamén da xestión do banco de libros e dos gastos de copistería e os relativos ao certificado dixital.
- Menciónanse asimesmo os gastos do teléfono e as comisións bancarias.
- Comunícase que o saldo a día de hoxe na conta bancaria é de **14 483,56 €**.

4. Xestións e trámites realizados pola ANPA

- Trámites de cambio de directiva.
- Solicitud ao concello do arranxo da rúa e o pintado do paso de peóns e da praza de minusválidos. Aínda pendente de execución.
- Tramitación conxunta da ANPA e o instituto para o arranxo do tellado do taller do ciclo de soldadura. Xa está rematado.
- Pregúntase aos presentes se autorizan a presentación para optar a axudas e/ou subvencións para a nosa asociación. Resposta unánime: si.

5. Informe das actividades realizadas pola ANPA

Enumerámolas na seguinte orde:

- Xincana solidaria en Nadal.
- Andaina/carreira solidaria de Pascua.
- Voluntariado no Art for Change.

6. Formacións e becas

- Ofrecemos becas para os nenos que pertencen a ANPA e aos que a Xunta no lles deu beca para a realización do exame de certificación de nivel de inglés.
- Fixemos unha charla de orientación e unha formación en liña.
- Fixemos unha charla sobre técnicas de estudo en liña.

Xorden dúbidas sobre cómo se decide que nenos optan as becas dos exames de inglés e faise unha aclaración sobre as becas por parte da ANPA:

Este ano apuntáronse máis nenos que prazas ofertadas pola Xunta. Dende a ANPA buscou a maneira de que ningún neno quedase sen poder facer o exame.

Unha socia pregunta cómo decide o instituto, en caso de ser máis anotados, quen accede ao exame?. Explícase que o método é por sorteo. E os que se queden fora si son socios do ANPA reciben a axuda correspondinte.

Explícase por parte da ANPA que este ano acreditouse o nivel de inglés por Oxford e para alumnos de bacharelato. Comentase tamén que calquera alumno pode participar nos exames pagando a modo particular os dereitos. Esta opción é válida para todos os cursos do instituto e ciclos de FP.

Aclárase por parte da ANPA que estas concesións de axudas ao alumnado farase sempre que se cumpran os requisitos establecidos.

Lémbrese que cada exame ten un custo de 100€. A Xunta ofertou este ano 20 becas. Este ano o instituto tamén aportou cartos para as becas e a ANPA desembolsou 525€ en total. A Xunta establece que as becas son ofertadas para alumnos de 2º bacharelato e FP de ciclos superiores. Este ano ningún alumno de FP solicitou asistir ó exame.

7. Charlas voluntarias

Ofrecéronse charlas da muller nos oficios masculinizados. Este ano é a segunda vez que se fai. Están orientadas a 4º ESO, Ciclos e Bacharelato.

Contouse tamén coa charla dun enxeñeiro, dunha historiadora que traballa no museo Massó e dunha psicóloga que traballa no CIM de Poio.

Aprovéitase para pedir voluntarios que teñan algún tipo de profesión que poida axudar ao rapaces de cara a súa futura formación, non teñen que ser traballos soamente universitarios.

8. Funcionamento do banco de libros

O xoves 19/06/2025 de 11:15-12:30 farase a recollida dos libros en préstamo. A aqueles libros que estean rotos ou deteriorados faráselle una foto e comunicaráselle aos pais.

Para os socios novos: Explícase o funcionamento do banco de libros.

- Xunto coa matrícula vai o formulario da ANPA que a través dun código QR pode darse de alta na asociación.
- Recórdase que o pago é de 16€.
- A maiores farase un cargo de 17€ para pertencer ó banco de libros, como pago único e familiar para todo o período escolar. (Recórdase que afecta tamén a outros irmás que a futuro ingresen no instituto).

- O formulario para pedir os libros mandarase cando estean todos os libros confirmados pola directiva do centro.
- Os libros concedidos pola Xunta (1º, 2º, 3º ESO) son de carácter gratuíto ao convivir con Edixgal. Estes libros non se deben pedir ó banco de libros. (4 ESO, 1º, 2º Bacharelato cuota da ANPA 16 € + cuota fondo de libros 17 € + 15 € por cada libro)
- Quince días despois de comezar o curso, enviarase un formulario exclusivo para pedir os libros necesarios nas asignaturas optativas.
- Crearase un grupo de whatsapp exclusivo para o banco de libros cos participantes.

Resumen:

- Xuño: Pago cuota ANPA 16 €
- Setembro: Pago cuota banco de libros: 17 € + 15 € por libro

Recórdase que para aqueles pais que non queiran optar polo banco de libros, na páxina web do instituto están postos os libros para o curso 2025/2026.

Aprovéitase para facer un chamamento ao socios presentes para recadar voluntarios para a recollida dos libros este xoves 19/06/2025, xa que se conta que a maioría do alumnado acudirá a deixar os libros na hora do recreo.

Recórdase que, se falta algún libro, os pais faranse responsables e teñen a obriga de repoñelo físicamente.

En setembro faranse todos os lotes de libros.

Pregúntase ós asistentes se teñen algunha dúbida sobre o sistema de banco de libros e un socio fai unha pregunta: ¿Quen decide os libros que se compran? Respóndese que son os profesores os que deciden. En ocasións hai profesores que acoden a ANPA para ver que libros temos dispoñibles ou a propia ANPA ofrece os libros do banco aos departamentos.

Recórdase que, aínda que algunhas asignaturas non dispoñan de libro, pódese adquirir libros do banco se as familias os queren.

Prégase aos socios presentes que, se detectan que algún profesor non fai uso dos libros comprados e solicitados, avisen ao ANPA para tomar nota.

Comunícase que existe un formulario de erros e devolución. Este formulario ten un custo de 1€ que equivale a comisión bancaria cando facemos a devolución.

9. Propostas e suxerencias por parte dos socios de actividades a realizar.

Mentres non hai resposta coméntase que este curso a proposta foi a de facer un coro, pero non saíu adiante. A ANPA comprométese este curso vindeiro volver retomar a idea.

Ofrécese a posibilidade de poñerse en contacto coa ANPA para poder estudar calquera proposta ou suxerencia. Ponse como exemplo una suxerencia feita na reunión anterior sobre a carreira/andaina que foi que aparte da propia doazón do recadado no instituto fixérase gasto en diferentes comercios do pobo e a idea funcionou moi ben. A carreira/andaina foi un éxito.

Tamén en asemblea anterior decidiuse que estas doazóns recaeran nos diferentes clubs deportivos do concello, pero a ANPA esta aberta a outras asociacións de interese e se aceptan solicitudes desde colectivos que puidesen estar interesados e axudar nas actividades.

Un socio fai unha pregunta: Cando os nenos chegan a bacharelato, debido a que a orientadora está saturada, moitos deles non saben ben as materias que escoller, cales ponderan para nota ou son mellores opcións de cara o que queren estudar, incluso incompatibilidades e asignaturas na carreira futura ou cales poden subir ou baixar nota de cara a EBAU. Propón de falar con algún departamento que poida axudar a estes nenos.

Dende a ANPA se recolle a proposta, decídese que se trasladará esta inquietude ao equipo directivo para buscar a maneira de poder ofrecer este asesoramento. Este asesoramento estará orientado sobre todo a rapazada de 4º ESO.

Aproveitase para facer un apunte que quedou sobre o banco de libros de alumnos con adaptación curricular: A ANPA corre co gasto destes libros sempre que se teña constancia desta necesidade. Ponse como exemplo o caso dunha alumna que os pais compraron o libro do curso e a maiores o libro de adaptación curricular.

Recórdase que si hai algún membro da ANPA con dificultades para o pago dos libros que se poña en contacto coa ANPA para buscar una solución para facilitar o pago.

Coméntase tamén a dificultade coa que se encontra o alumnado cando se producen ausencias do profesorado por períodos inferiores a 15 días e que a Xunta non pon substituto, o que se traduce nunha baixa preparación do alumnado, máis preocupante nos cursos de bacharelato que poden verse prexudicados na EBAU, como pasou este ano coa asigantura de debuxo técnico.

Co tema da EBAU trasládase a idea de cara o ano que vén, plantexar un transporte de ida para o alumnado para as probas da primeira hora de mañá coa fin de facilitar a conciliación, segundo as necesidades que se poidan dar no momento. Enviarase unha proposta.

En canto aos Erasmus no instituto, de darse o caso, vaise propoñer poder participar e axudar ós Erasmus orientados a ciclos de FP porque reciben pouca axuda.

Un socio plantexa a posibilidade de non poder asistir o xoves á entrega dos libros. A ANPA propón como solución a posibilidade de deixalos na conserxería co seu nome e mandar una foto do material ó whatsapp do ANPA como xustificante.

En setembro, cando se veña á recollida de libros, hai que traer o xustificante de pago dos libros e é necesario firmar o documento de entrega de material.

Como último apunte recórdase que o uso do teléfono móbil está prohibido no centro en todos os cursos e que ~~a~~ gravación e a difusión de imaxes é un delito.

Sen máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as 21:30 h.

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'José Luis', with a large, sweeping flourish underneath.

Asdo. O Secretario

Asdo. A Presidenta